

## PREGUNTAS

1. ¿Como se pode excluír a un neno da renovación da praza na escola municipal se non hai un prazo no regulamento?
2. ¿Pensan Vostedes asumir algunha responsabilidade política pola condena a pagar 800.000,00 euros a promotora por non defender o Concello no momento da presentación da demanda nin comunicar a aseguradora do Concello pola posibilidade de que cubrisen a responsabilidade civil?
3. ¿Como é posible que a día de hoxe non teñan Vostedes rematados os proxectos para o saneamento de Paradela de Bemil e Reguengo e por elo non poidan iniciar as obras tras ter asinado o convenio? ¿Cantas veces pídeo Vostede autorización a Deputación de Pontevedra para o proxecto de Paradela, posto que o metía pola estrada provincial, e cantas veces foi denegado? ¿Cantas modificacións se tiveron que facer por esta causa?
4. ¿Por que, tras ter rematada recentemente a tramitación urbanística da parcela onde se construírá o futuro centro de saúde non a teñen cedida xa o Sergas? ¿Teñen solucionado os problemas de accesos a finca? ¿E certo que a rúa de acceso non é do Concello a día de hoxe?.
5. ¿Por que non iniciou Vostede a construción do saneamento do lugar de Iglesia en San Clemente tras terse comprometido nunha reunión dos veciños con todas as forzas políticas no local social que si os veciños asinaban as cesións iniciaba as obras urxentemente? ¿Existe proxecto e partida orzamentaria?
6. ¿Como pode Vostede dicir que non é responsabilidade do titular dun vieiro o seu adecuado mantemento se por el pasa o Camiño de Santiago? ¿Se fose así porque asume o Concello a reposicións dos vieiros en Tibo, ou na rúa Real, ou presentou en Patrimonio a obra que se quere facer en Arcos da Condesa?